



# A INFANTA D<sup>a</sup> ANTONIA DE PORTUGAL PINTADA POR DIONISIO FIERROS

---

Celia Castro

---

## 1. Introducción.

O século XIX e escenario de grandes acontecementos políticos e económicos. As diversas novas, sociais, económicas, bélicas, son reflectidas na numerosa prensa contemporánea.

As mostras artísticas (sobre todo as exposicións nacionais e internacionais), técnicas e industriais, son frecuentes, e poñen de relevo o desenvolvemento da sociedade.

O ferrocarril e os adiantos na navegación amosan moitas posibilidades para o transporte de mercancías e o tránsito de viaxeiros, facilitando así a relación entre os distintos países.

Entre os adiantos técnicos mellor acollidos, a fotografía, verdadeiro fenómeno de masas, (dende a súa patente por Daguerre en 1839) proxéctase en diversos aspectos da vida cotiá. Á parte das imaxes fotográficas publicadas na prensa para ilustrar as novas, os retratos de celebridades-artistas, personaxes da realeza, toreros, escritores, políticos, etc, son comercializados polos fotógrafos da época e colleccionados polos compradores, que os recollen en álbumes.

Nun século no que o achegamento á realidade e fundamental na obra de arte, a "veracidade", a fotografía, é un recurso moi utilizado para axudar a captar ese realismo.

Talbotipos (negativos sobre papel), fotos ao colodió sobre placas de vidro, en modalidade de gran tamaño, *carte-de-visite* (9x6cms), ou tarxeta americana (algo maior), son utilizadas frecuentemente.

Así mesmo, en España, os artistas nas súas diversas facetas, pintores en maior medida, presentan as súas obras nas exposicións nacionais (bianuais) e internacionais, sobre todo de París e Londres. Á parte dos premios e recoñecementos obtidos nestas mostras, que lles proporcionan fama e notoriedade, é esta unha forma de promover a súa obra e obter así novos encargos.

O panorama artístico no noso país está centrado na Escola de Belas Artes de San Fernando, na que exercen o seu maxisterio José de Madrazo e o seu fillo Federico, consumados retratistas, sobre todo este último, que será o pintor máis importante na corte de Isabel II. Baixo o seu liderado formáronse e desenvolverán a súa traxectoria outros moitos artistas, discípulos seus, como Luis de Madrazo, Manuel Castellano, ou Dionisio Fierros, por citar algúns.

Hoxe tratarei de Dionisio Fierros, un dos seus discípulos máis queridos e cuxa relación de amizade e afecto se mantivo viva ata a súa morte.

Galardoado con varias medallas nas Exposicións Nacionais(1860-1862-1866) e Internacionais (Baiona, Filadelfia), foi tamén retratista de Corte, recibiu moitos galardóns (entre eles a Cruz de Carlos III), foi nomeado Socio de Mérito do Ateneo de Madrid, Socio de Honra da Academia de Belas Artes de San Fernando,

Académico de número da Academia de Belas Artes de Oviedo, sendo un dos pintores mais representativos (pola amplitude e variedade da súa obra) da España decimonónica.

## **2. Breves apuntes biográficos.**

Naceu en Ballota (Cudillero) o 5 de maio de 1827, nunha familia de campesiños acomodados; os seus pais, Nicolás Fernández Fierros e María Álvarez del Valle eran do mesmo lugar.

O 15 de maio de 1841, con 14 anos recentemente cumpridos, parte cara a Madrid para aprender o oficio de xastre no taller dun tío seu. Non gustándolle este oficio -e por mediación do tío- consegue entrar como aprendiz de mordomo en casa dos marqueses de San Adrián, cos que chegará a establecer unha relación moi especial, en concreto co marqués de Castelforte, primoxénito da familia. Coñecedores os marqueses da aptitude do mozo para o debuxo decidiron levalo ao estudo de José de Madrazo, reputado pintor de cámara do rei Carlos IV, Director do Museo do Prado e Director da Real Academia de San Fernando, para que se formase.

De 1841 a 1844, Dionisio realiza a aprendizaxe de debuxo e pintura neste taller, para pasar a continuación ao estudo do fillo do pintor, Federico de Madrazo, que estudara en París no taller de Ingres e en Roma. Non se sabe con exactitude o tempo que permanece con el pero si que toma clases de pintura ata 1855 e que a súa influencia foi decisiva.

En xullo de 1855, marchou a Santiago de Compostela, onde permaneceu durante tres anos nos que fixo varios retratos e seis cadros de costumes. Os primeiros presentounos na Exposición de Madrid de 1860, gañando varias medallas.

Malia que non deixa de facer retratos, segue o seu interese polo cadro de costumes. De 1862 a 1864 viaxa por terras salmantinas pintando paisaxes e cadros de xénero que encadraremos no pintoresquismo ou tipismo, tan de moda na época. Obtén con eles varias medallas e diplomas.

Dende 1866 a 1871 son poucas as noticias que del se teñen. Crese que alterna a súa estancia en Madrid con viaxes á súa terra natal e quizais fóra de España. Na Corte, pinta cadros de personaxes da vida madrileña e varios retratos da familia real.

A finais de 1872 comeza a súa segunda estancia en Galicia, que durará ata 1874. Vai ser decisiva na súa pintura e na súa vida. Instálase en Santiago, onde retratará a diversos personaxes da nobreza, clero e alta burguesía. Fai frecuentes viaxes á súa terra natal, con estancias en Ribadeo onde realiza varios encargos e namórase de Antonia Carreira, unha moza de vinte e un anos, filla do dono da pousada onde se aloxaba. O 24 de novembro de 1873, a parella contrae matrimonio na devandita vila e logo da voda trasládanse á Coruña, onde permanecerán ata finais de 1876.

En 1877 instálase en Madrid para cumprir cos numerosos encargos. Alí nacen os seus tres primeiros fillos, que non superarán os dous anos.

A finais de 1878 trasládanse a Oviedo, onde residirán ata a súa morte, alí nacerán catro fillos máis, dos cales só sobrevivirán tres. O pintor realizará numerosas viaxes, a Madrid por motivos de traballo, ao estranxeiro, concretamente a Italia e Centroeuropa, sen contar coas tempadas de vacacións en Ribadeo, Ballota e Luarca. É a súa época máis frutífera, faranlle numerosos encargos para institucións públicas e particulares, neles fará gala dunha pincelada máis solta e lumínica.

En 1894 morre en Madrid de forma repentina.

## **3. A Infanta D<sup>a</sup> Antonia de Portugal.**

Antonia María Fernanda Micaela Gabriela Rafaela Francisca de Asís Ana Gonzaga Silveria Julia Augusta de Saxonia-Coburgo e Braganza, coñecida como a infanta Antonia de Portugal, naceu en Lisboa o 17 de febreiro de 1845 no Palacio das Necesidades, e morreu en Sigmaringen (Alemaña) o 27 de decembro de 1913.

---

Ostentou por nacemento o título de Infanta de Portugal da Casa de Braganza, princesa de Saxonia-Coburgo-Gotha e duquesa de Saxonia, sendo a sexta dos once fillos da raíña María II de Portugal, (nacida no Brasil) e o seu consorte Fernando Augusto Francisco Antonio de Saxonia-Coburgo-Gotha, de talante ilustrado e liberal que pasou á historia co sobrenome do Rei Artista.

A Infanta Antonia, de carácter ledo e doce “lançando sorrisos e anedotas aos días mais sombríos, ajudando toda a familia a manter-se à tona de agua, como os raios de luz que atravesam os limos”foi moi querida polo pobo portugués.

En España aparece incluída na *Guía de Forasteros* a partir do ano 1855. Esta publicación comezou a editarse en 1722. Principia cun calendario con santoral, datos astronómicos e festas do ano. Inclúe unha cronoloxía dos reis de España, a nómina das familias reinantes en Europa e noutros continentes. Tamén dos xefes de Estado. Inclúe os cargos mais importantes de España, ordes militares, cabaleiros condecorados, profesores de Universidade, cónsules, principais cargos do goberno, exército, etc. Tamén a partir de 1838 gravados da Familia Real.

Antonia de Portugal aparece nomeada en varios exemplares a partir de 1855, da maneira seguinte: “Doña Antonia María Fernanda, Infanta de Portugal, 23 de Outubro”. Esta data é na que a infanta recibe do goberno español a distinción de “Dama nobre da Orde da Raíña María Luísa”.

A Real Orde das damas nobres da Raíña María Luísa, distinción reservada unicamente ás donas, foi creada polo rei Carlos IV a instancias da súa esposa María Luísa, mediante Real Decreto do 21 de abril de 1792, para que “La reina tuviese un modo más de mostrar su benevolencia a las personas nobles de su sexo que se distinguan por sus servicios, prendas y cualidades”.

Moi restritiva nun principio, nos períodos fernandino e isabelino aparecen nas listas da Orde todas as mulleres da realeza católica europea e moitas infantas e princesas de sangue real, ademais de ampliarse o nomeamento a outras damas da realeza non católica, mesmo da nobreza e burguesía.

Mais adiante atopamos na prensa española outras referencias á súa persoa:

En 1858 *La Epoca*, co gallo do compromiso do seu irmán, o rei Pedro V coa princesa Estefanía de Hohenzollern-Sigmaringen, refírese tamén ao noivado da súa irmá a princesa Ana co infante Jorge de Saxonia e di tamén: “Por último, el conde de Flandes, hermano del príncipe heredero de Bélgica, da su mano a la infanta Antonia de Portugal”.

Tamén *La Iberia* recolle esta nova: “Dícese que el conde de Flandes, hijo segundo del rey de Bélgica, va a casarse con la infanta doña Antonia de Portugal”.

Con todo, este casamento con Filipe de Bélxica, conde de Flandes, non se levaría a cabo, pois el casaría moito mais tarde, en 1867, cunha princesa alemá, M<sup>a</sup> Luísa de Hohenzollern.

En 1860, cítase o seu acordo matrimonial co príncipe alemán Leopoldo de Hohenzollern-Sigmaringen: “Se han entablado negociaciones entre las cortes de Berlín y Lisboa, acerca del casamiento del príncipe heredero de Hohenzollern, Leopoldo, que nació en 1835, con la infanta Antonia de Portugal, la solemne petición de la mano de la princesa se hará en Lisboa por el embajador de Prusia, Mr. de Rosemberg Gurzinsky. Los jóvenes esposos residirán en Sigmaringen, y el príncipe heredero abandonará probablemente el ejército prusiano”.

En *La Esperanza* hai unha breve reseña, na que podemos ler: “El gobierno portugués presentó el día 12 a las Cortes un proyecto de ley pidiendo 90 millones de reis para el dote y treinta para el ajuar de la infanta doña María Antonia”.

Este compromiso chegou a bo termo, celebrándose o casamento o 12 de setembro de 1861 en Lisboa. dona Antonia tiña 16 anos e Leopoldo 26.

Os principais periódicos españois (*La Época*, *La Iberia*, *La Correspondencia de España*, *El Diario de Palma*) dan conta desta nova, do fastoso da cerimonia e do banquete, tamén algún deles, como *La Correspondencia de España*, recolle datos sobre a viaxe de noivos: “SSAA. la infanta doña Antonia de Portugal y su esposo el príncipe Leopoldo de

Hohenzollern, habrán salido el 17 para Amberes, a bordo de la corbeta de guerra *Bartholomeu Dias*, que manda el infante Don Juan. Los tres príncipes piensan visitar a su hermana la princesa de Sajonia doña María Ana”.

Aínda que non era frecuente nos matrimonios concertados, Antonia, polos datos que se teñen, foi bastante feliz na súa vida matrimonial, aínda, que segundo confesións posteriores sufriu moito polo carácter do pobo alemán, ansiando sempre Portugal.

O matrimonio estableceu a súa residencia no castelo de Sigmaringen e tivo tres fillos: Guillermo, Fernando e Carlos Antonio de Hohenzollern.

A infanta facía, entre tanto, viaxes por Europa. En 1867 podemos ler unha pequena reseña en La Correspondencia de España que di:

“Ha llegado ayer a esta corte de riguroso incógnito, la infanta Doña Antonia de Braganza, esposa del príncipe Hohenzollern Sigmaringen”.

Dada a condición de católico de Leopoldo, en 1869 foi considerado un candidato adecuado para ocupar o trono español tras a revolución de 1868, séndolle ofrecido dito trono en 1870 polo xeneral Prim tras previas sondaxes.

“Las gestiones con tanta perseverancia como fortuna llevadas a cabo por el gobierno para que un príncipe aceptase la corona de España, si las Cortes Constituyentes se dignasen elegirle Rey, acaban de tener un completo y feliz éxito. El príncipe alemán Leopoldo Hohenzollern Sigmaringen, de estirpe real, católico, ilustrado, liberal, de treinta y cinco años de edad, casado con la infanta de Portugal doña Antonia María Fernanda, de quien tiene tres hijos varones, ha declarado que aceptará sin reserva alguna, la insigne honra de ocupar el Trono de España”.

A candidatura de Leopoldo foi apoiada por Bismarck, por considerala beneficiosa para os intereses internacionais prusianos. Este feito provocou a reacción de Francia, que ameazou con declarar a guerra a Prusia se Leopoldo no retiraba a súa candidatura de inmediato.

Leopoldo renunciou de forma oficial ao trono español. En xullo de 1870 desencadeouse a guerra Franco-prusiana, na que el non participaría, aínda que pertencía ao exército prusiano.

Tras a morte do seu pai, en 1885, Leopoldo herdou, como primoxénito, todos os títulos de este, converténdose no xefe da casa de Hohenzollern-Sigmaringen.

O 25 de marzo de 1887 dona Antonia desembarcou en Lisboa despois de vinte anos de ausencia: “Teve unha recepción afectuosa e festiva”.

Desta visita consérvase parte da correspondencia que mantivo co seu irmán o rei Luís, na que se sincera con el, confiándolle os seus sentimentos.

Estes parágrafos, tristes e emotivos, recollidos e publicados pola escritora e periodista lusa Marina Tavares Dias, no seu libro *Lisboa Desaparecida*, revélanos a unha muller moi sensible que ansía profundamente a súa terra, e que a pesar dos anos vividos fóra dela, síntese fondamente portuguesa, e sofre polo carácter frío e seco dos xermánicos.

“He sufrido por el hielo que hay en los corazones alemanes”.

“No tienen la misma sinceridad que los portugueses de buen corazón”.

“A veces temo que estoy demasiado dedicada a mi país. Solo ahora, después de haber estado ahí, me doy cuenta de lo mucho que amo a los portugueses”.

“Cuando salí de Portugal era muy joven, casi una niña (Antonia tiña 16 anos). Todo me parecía bien. No pensaba que podía encontrar menos amor en mi nueva patria (Alemania)”.

Para os seus parentes alemáns era demasiado expresiva.

“Si yo estaba triste, no podía mostrar mis sentimientos, pero si me reía me criticaban por ser demasiado ruidosa. Así me forzaron a no ser yo misma”.

---

“A los 19 años había experimentado más dureza emocional que la mayoría de la gente en toda su vida.”

Estas reflexións apóianse coa actitude que adopta cos portugueses que pasan por Sigmaringen, querendo recibilos a todos, escoitándoos con gran amabilidade e pedíndolles que lle falen de Portugal e das novas acontecidas no país.

En 1905 faleceu Leopoldo, sumindo a Antonia nunha profunda tristeza. Herdou o título de príncipe Hohenzollern-Sigmaringen o seu fillo primoxénito, Guillermo.

“Dizem que a princesa senhora D. Antonia vive inconsolável pela perda de seu marido e saudosa pela patria que estremecia. Os serviçais do Castelo de Sigmaringen segundo consta, têm orden de a informarem com referencia aos nomes e posição dos portugueses que passam allí e que mesmo sem solicitarem audiencia ela toma a iniciativa de a conceder, procurando com todo o interesse saber noticias de Portugal, e deleitando-se em falar o idioma do país que lhe foi berço” .

A infanta D<sup>a</sup> Antonia faleceu en Sigmaringen o 27 de decembro de 1913, sendo a última infanta portuguesa da dinastía de Braganza, así recordada e apreciada polo pobo portugués.

#### **4. A Infanta D<sup>a</sup> Antonia de Portugal pintada por Dionisio Fierros.**

Dionisio Fierros, pintor acreditado e laureado en diversas exposicións nacionais, rexionais e internacionais con diversas medallas, discípulo e amigo de Federico de Madrazo, foi moi considerado e apreciado nos distintos ambientes da capital de España, na corte, entre os nobres, intelectuais e artistas de diversa índole. Tivo entre eles unha nutrida e varia clientela.

Presentou obra a diversas Exposicións Nacionais, que se convocan cunha periodicidade bianual: 1860/1862/1864/1866.

A Exposición Nacional de Belas Artes de 1864 foi convocada e publicado o seu regulamento por Real Orde de 6 de abril de 1864. Á súa inauguración tería lugar o 13 de decembro dese mesmo ano, oficialmente polos reis Isabel II e Francisco de Asís “en un local chamado Las Vallecas situado en Calle de Alcalá” e clausurada o 13 de xaneiro de 1865.

Como dato curioso, mencionarei o feito de que, aínda que o local das Vallecas non era considerado moi adecuado para este evento, nun principio, a exposición ía celebrarse nun lugar aínda con menos condicións. Varios dos pintores que presentaban obra en dita exposición -entre eles Dionisio Fierros- entrevistáronse coa raíña Isabel II para tratar de conseguir unhas instalacións máis dignas, sendo escoitados e atendidos por esta, que lles concedeu a súa petición:

“El martes de la presente semana recibió su majestad la Reina en su palacio de San Ildefonso a la comisión de artistas españoles compuesta de los Sres. D. Pablo de Gozalvo, D. Víctor Manzano, D. Isidoro Lozano, D. Dionisio Fierros y D. José Bellver, quienes expusieron a S.M. los inconvenientes que ofrece el que se celebre la próxima exposición de pinturas en el edificio provisional que se proyecta construir en el sitio que ocupaba la antigua escuela de veterinaria, y suplicaron se les cediese la sala italiana del Museo de Pinturas para celebrar en ella la exposición.

S.M., con esa bondad de carácter que la distingue e impulsada por el amor que profesa a las artes españolas, recibió á la comisión de artistas con la mayor complacencia, y ofreció que la próxima exposición de pinturas se celebraría en un local digno y a propósito...”

Os principais periódicos nacionais fanse eco deste importante acontecemento, reseñándoo, tratándoo en profundidade e facendo análises ou críticas máis ou menos detalladas:

*La Soberanía Nacional*, dedica un importante espazo á crítica e análise da Exposición. Aínda que di que “el local de las Vallecas no es tan malo como pregona la vecina *Correspondencia*,” que as salas son boas e teñen “luz conveniente,” di que se sae do local “con

los pies fríos y la cabeza caliente”, isto último polo desorde e a mala colocación dos cadros, “en confusión y tropel”. O autor cuestiona a fondo o panorama da pintura española, considerándoo pobre, sen embargo ten palabras amables para algúns autores, entre eles Dionisio Fierros:

“Elogiaremos, sí elogiaremos: ¿y por qué no hemos de elogiar?, pero aunque amargue la verdad elogiaremos *verdades amargas*. Apuntaremos con respeto y pulso nuestras humildes observaciones sobre Castellano (don Manuel), Ferrán (D. Manuel), Fierros (D. Dionisio)...”

*La Correspondencia de España*, pese ás ironías escritas polo seu rival *La Soberanía Nacional*, no exemplar do 13 de decembro do mesmo ano, di que a Exposición de Belas Artes de 1864 é unha das mellores que se fixeron en España:

“Cuyo hecho puede considerarse como un verdadero acontecimiento nacional, porque esta exposición es la más brillante de cuantas se han celebrado en España, y si no pareciera vanidad, diríamos que puede figurar entre las más notables que se han celebrado en Europa en estos últimos tiempos” .

No catálogo detallado de dita exposición figuran seis cadros presentados por Dionisio Fierros, entre eles menciónanse *La Fuente* (sería mais tarde adquirido polo goberno), *Un mendigo* (tipo de la provincia de Salamanca), o *Retrato da Infanta D<sup>a</sup> Antonia de Portugal* e o *Retrato de la niña M.A.*.

*La Época*, en varios dos seus números trata varios aspectos de dito evento, analizando as distintas obras presentadas e axuizando aos diversos artistas presentados.

No número 5.149, correspondente ao mércores 14 de decembro de 1864, fálese da inauguración, das condicións dos locais, e da situación dos cadros.

Con respecto a Dionisio Fierros, comenta:

“En la hornacina central de la Sala Sexta, en el frente, se halla un retrato de S.M, de Valldeperas, el retrato de doña Antonia de Portugal y una niña de Fierros...”

Neste diario continúanse publicando artigos ata o ano 1865 e, no exemplar do 2 de Febreiro dese último ano, que remata a serie co nº IV, firmado por Juan García (pseudónimo do periodista e literato Amós de Escalante), baixo o título de “*Cartas familiares a un ausente*”, refírese aos retratos de Dionisio Fierros con estas palabras:

“En los retratos del S. Llanos son por tanto mejores aquellas cabezas más acentuadas por el sexo, la edad, la profesión ó el carácter. Más vida tienen los de la infanta doña Antonia de Portugal y de una niña, pintados por el Sr. D. Dionisio Fierros, pero este artista no sabe ó no quiere renunciar á ciertas tintas macilentas que dan á las carnes color enfermizo y falso”.

Como podemos ler, o retrato da infanta dona Antonia de Portugal foi un dos cadros máis nomeados de Dionisio Fierros nesta exposición. Aínda que non foi adquirido por ningún espectador, foi apreciado no seu momento, colocado incluso no nicho central da Sala Sexta, e considerado “dotado de vida”, a pesar de que o tratamento das carnacións non convence.

Sen embargo, en moitos libros e enciclopedias da época e de comezos do S.XIX menciónase esta obra no apartado dedicado a Dionisio Fierros. A *Grande Enciclopedia Portuguesa e Brasileira*, no T.11, páxina 273, di, referíndose ao pintor:

“Pintor español nado en Ballota (Asturias) em 1827, e morto en Madride em 24-7-1894. Fêz os seus estudos en Madride con Federico Madrazo. Entre a súa obra contase un cadro intitulado: Infanta D. Antonia de Portugal”.

Na selección de cadros que se puxeron á venda en Oviedo, trala morte do pintor , o 20 de setembro de 1894, figura o *Retrato da Infanta D<sup>a</sup> Antonia de Portugal*: Na páxina 10, no apartado *Retratos*, co nº 187, *De la Infanta D<sup>a</sup> Antonia de Portugal*, de 74x60 cm. e valorado en 500.

Este retrato, ata agora non identificado, creo que pode ser este que se atopa nunha colección particular, que foi exposto en ocasións có título de *Retrato de señora sobre fondo oscuro*, ou *Retrato de señora con fondo oscuro*, posto que hai varios puntos que coinciden:



Fig. 1. *Retrato de señora con fondo oscuro*. Dionisio Fierros. Óleo sobre lenzo. 75x60 cm. Colección particular.

O tamaño deste cadro e do nomeado no inventario como de *La Infanta D<sup>a</sup> Antonia de Portugal*, practicamente é o mesmo.

Apóime para formular esta hipótese nas fotografías existentes da Infanta Antonia, e noutros datos que expoñerei máis tarde.

Consérvase unha fermosa fotografía de *cabinet* (hai máis da mesma sesión), sacada no estudo lisboeta do fotógrafo Francisco. A. Gómes, pouco antes do seu casamento:



Fig. 2. *Infanta dona Antonia de Portugal*. Francisco A. Gomes. Fotografía de *cabinet*. Lisboa. 1861. Colección particular.

Esta fotografía aparece publicada en varios blogs (entre eles *Grand Ladies Site*) e está recollida no libro *Lisboa desaparecida*, T 8, escrito pola falecida periodista portuguesa Marina Tavares Dias<sup>1</sup>.

É unha fotografía tipo *cabinet* (algo maior que a *carte-de-visite*), duns 10x15 cm.

<sup>1</sup> Tavares Dias, Marina. (2003): *Lisboa desaparecida*, Volume 8. Lisboa, p. 194.

A infanta retrátase nun plano largo de tres cuartos, no estudo do fotógrafo, apoiada no respaldo dunha cadeira coa man esquerda. Xusto detrás, un cortinón drapeado serve un pouco para paliar a nudez do fondo neutro do pano fotográfico.

A Infanta é pouco máis que unha nena, arredor de dezaseis anos, e no seu ollar vese a claridade, a confianza e a transparencia de quen o espera todo da vida.

Co corpo lixeiramente virado, e a cabeza de fronte, a serenidade da súa expresión é conmovedora.

Leva un peiteado de moda na época (podemos ver o mesmo nas fotografías da súa irmá María Ana), o cabelo trezado e recollido por detrás.

Vai adornada con moi poucas xoias, uns pendentes semi longos, un broche no colo do vestido e unha pulseira.

Está vestida cun sinxelo vestido de corte recto cun pequeno colo de encaixe. O vestido ten un corpiño pechado cunha ringleira de pequenos botóns, e un cordón -que parece de veludo- ornando a parte superior.

As mangas en forma de pagode -tamén á moda da época- deixan ver o encaixe doutras mangas por baixo.

O vestido resulta máis airoso e voluminoso pola crinolina que leva debaixo, o uso desta saia foi estendido e posto de moda pola emperatriz dos franceses Eugenia de Montijo.



Fig. 3. *Dona Antonia, Infanta de Portugal*. Litografía. Lith Becquel. París.



---

Esta fotografía foi moi reproducida, facéndose a partir dela litografías. Estas atopábanse en moitos fogares portugueses. Tal era a popularidade da Infanta.



Fig. 4. *Infanta Dª Antonia de Portugal*. Francisco A. Gomes. Fotografía de cabinet. Óleo sobre Lisboa. 1861. Colección particular. Detalle.



Fig 5. *Retrato de señora con fondo oscuro*. Dionisio Fierros. lenzo. 75x60 cm.

Para min, é evidente a semellanza entre estas dúas imaxes, polo que penso que podería tratarse da mesma persoa. Por suposto, entre unha e outra habería tres anos de diferenza.

O retrato ao óleo, pintado por Dionisio Fierros, é presentado á Exposición Nacional de 1864, foi, con toda probabilidade, pintado nese mesmo ano.

*La Época* recolle no seu exemplar nº 5.062, publicado o 3 de Setembro de 1864, na páxina 3, a seguinte nova: "Las noticias de Roma llegan al 27 de agosto: la siguiente carta de la capital del mundo cristiano da algunos pormenores dignos de ser publicados, así sobre la preciosa salud del Pontífice, como respecto de los nobles sentimientos de la princesa de Portugal,

que hoy se halla al lado de S.M. la Reina de España...”

Un pouco máis adiante aclara que esta entrevista co Pontífice foi un pouco antes de partir para Lisboa: “La infanta de Portugal, antes de partir para Lisboa ha tenido una larga entrevista con el Padre Santo. La infanta es profundamente católica y es mujer de talento. Su carácter grave, su talento, la educación varonil que ha recibido la ponen en el caso de tratar con buen éxito las cuestiones menos accesibles a su sexo”.

O máis significativo dos parágrafos anteriores é a frase: “Hoy se halla al lado de su majestad la Reina de España”.

Aínda que o nome da infanta non figura na reseña, case con seguridade trátase de Antonia, e non de María Ana, posto que cando se alude a esta última, adoita especificarse.

No mesmo exemplar de *La Época*, e na mesma folla, ven a nova antes citada da visita dunha comisión de artistas españois (entre eles Dionisio Fierros), que expoñerían obra na Exposición de BB.AA dese mesmo ano, ao pazo de San Ildefonso, para entrevistarse coa Soberana, e pedirlle un local digno para colgar as súas obras.

Xurde entón unha pregunta: ¿Viu entón Fierros á Infanta dona Antonia?, ¿Decidiu facerlle un retrato para expoñer a raíz desa visita?

Aínda que non hai constancia, considéroo moi posible.

O retrato pintado por Fierros representa a unha muller nova (tiña dezanove anos), en formato de torso, co corpo nun lixeiro escorzo e a cabeza case de fronte.

Sobre un fondo escuro, (aínda á moda romántica), só atenuado por un foco de luz tenue tras do pescozo que permite ver a liña do ombreiro, destaca un fermoso rostro, lixeiramente ovalado. O artista ilumina as delicadas faccións cunha luz levemente dourada, só coloca no lado esquerdo unha pequena sombra que colle parte da meixela, do queixo e do pescozo, e que serve para dar plasticidade ao conxunto.

O cabelo castaño, con raia ao medio, vai peiteado cunhas restras recollidas atrás, deixando ver so parte do lóbulo da orella.

O rostro transmite serenidade e dozura. A expresión, pese ao sorriso, é un pouco ensimesmada e melancólica.

Cellas ben delineadas, ollos escuros de ollar bondadoso, nariz lixeiramente longo, boca ben debuxada de beizos carnosos e queixo levemente marcado, forman un conxunto harmónico e agradable.

O atavío é sobrio: un vestido escuro, negro ou azul mariño, cun colo alto, plisado, de encaixe.

As xoias son poucas e sinxelas: uns pendentes semi longos con colgante en forma de roseta e un broche ovalado na parte superior do busto.

Quizais esta severidade no vestir sexa aínda o loito polo falecemento en 1861, a pouco do seu casamento, dos seus irmáns, o rei Pedro V de Portugal e os infantes D. Fernando e D. Joao, contaxiados os tres de febres tifoide. Estas mortes, case ao mesmo tempo, lamentáronse profundamente en Portugal, producindo unha pena profunda na infanta que se sentía en parte responsable por estar tan lonxe deles.

O pintor soubo captar toda a dozura e a saudade da modelo, muller refinada e elegante.

Hai fotografías posteriores, realizadas en diferentes estudos berlineses, que corroboran o parecido entre a muller retratada por Fierros e a Infanta dona Antonia. Expoñerei só dúas:



Fig. 6. *Antonia Hollenzollern*. Hugo Danz. Berlin. Ca 1864/1870. The Grand Ladies site.



Fig. 7. *Dona Antonia de Hohenzollern-Sigmaringen (princesa de Portugal)*. Heinrich Graf. Berlin. Ca 1870. The Grand Ladies site.



Fig. 8. Comparación en detalle das fotos anteriores e do cadro de Dionisio Fierros, tamén reproducido en branco e negro.

---

## 5. Conclusión.

Despois deste breve estudo sobre *Retrato de señora con fondo oscuro*, de Dionisio Fierros e de comprender unha vez mais que a fotografía é unha base e un poderoso auxiliar para todo estudo histórico rigoroso, pouco me queda por dicir.

Admirar unha vez mais a obra dese gran artista, cheo de sensibilidade para captar a alma e o sentir dos retratados. Cheo de mestría para captar os máis nimios detalles con pincelada segura e sabia.

Relacionado cos máis senlleiros personaxes da súa época, foi un home humilde e querido polos seus paisanos e amigos.

Grazas a el, moitos rostros do pasado achégansenos rebordantes de vida e sentimentos na eternidade do lenzo. Como a Infanta Antonia de Bragança, que no dicir dos seus contemporáneos "tem a beleza física e a beleza moral, que raras veces coexistem".

A última princesa lisboeta, desafía así á fugacidade do tempo, amosándonos o seu sorriso sereno, cheo de saudade.

## Bibliografía.

Academia Provincial de Bellas Artes de San Salvador de Oviedo. *Exposición-venta de varios cuadros y acuarelas de Don Dionisio Fierros y Álvarez pintor y discípulo de D: José, D. Federico y D .Luis de Madrazo*. Oviedo. Establecimiento fotográfico de Vicente Brid. 20/9/1894. Ourense.

*Calendario manual y guía de forasteros de Madrid para el año de 1855*. Madrid: Imprenta nacional.

*Catálogo de la Exposición Nacional de Bellas Artes de 1864*. Madrid.

*Dona Antonia. Portugal-Diccionario Histórico, Corográfico, Heráldico, Biográfico, Bibliográfico, Numismático e Artístico*. Volume I. Lisboa: Joao Romano Torres, editor. 1904.

*Exposición "Dionisio Fierros"*. Excma Diputación Provincial de La Coruña (del 27 de Agosto al 15 de Setiembre de 1973). Itinerario-Catálogo.

López Vázquez, José Manuel; García Quirós, Rosa M<sup>a</sup>. (2000): *Catálogo Dionisio Fierros (1827-1894)*. Exposición Dionisio Fierros íntimo y mundano. Vigo: Caixavigo e Ourense.

Tavares Dias, Marina. (2003): *Lisboa desaparecida*. Volume 8. Lisboa: Quimera Editores.

Periódicos e revistas

*Altar y Trono: revista hispanoamericana*. TIII. Añoll. nº59. 20/07/1870.

*El Pensamiento español*. Año V, nº1.354. 3/9/1864. Madrid.

*La Correspondencia de España*. Año XIV, nº1 091. 20/9/1861. Madrid.

*La Correspondencia de España*. Año XVII, nº 2 404. 14/12/1864. Madrid.

*La Época*. nº 2.792. 6/5/1858. Madrid.

*La Época*. nº 3 742. 25/7/1860. Madrid.

*La Época*. nº 5.193. 2/2/1865. Madrid.

*La Época*. nº 5.062. 3/9/1864. Madrid.

*La Época*. nº 5.149. 14/12/1864. Madrid.

*La Esperanza*. nº 5.039. 18/3/1861. Madrid.

*La Iberia*. Año V. nº 1.180. 8/5/1858. Madrid.

*La Soberanía Nacional*. nº5. 21/12/1864. Madrid.

#### Webgrafía.

[www.gogmsite.net/early.18.GrandLadiesinfanta\\_antonia\\_of\\_portugal](http://www.gogmsite.net/early.18.GrandLadiesinfanta_antonia_of_portugal).